

Os deportistas deberán desprazarse co seu equipo individual de progresión horizontal e vertical, así como co material colectivo necesario para acceder ás covas que desexen visitar durante o Campamento.

Cavidades que se poderán recoñecer

A Valiña, Vitureiras, Praducelos, Agro da Leira, Mouros, Santos, Pena Paleira, Arcos-Zorros e Lobos, (Para o Rei Cintolo e outras cavidades que poidan estar incluídas na Rede Natura, será necesario contar previamente cos permisos oportunos tramitados polos clubs ou ben coas licencias de deportistas individuais).

A pernocta realizarase no Pabellón Municipal de Peregrinos (Vilalba-Lugo).

A organización xestionou a pernocta a cuberto. Os deportistas deberán vir provistos de saco de dormir e esterilla, non sendo necesaria a tenda de campaña, si así o desexan. Outro tipo de aloxamento deberá ser contratado directamente polos interesados.

Localización:

Coordenadas:

MUSEO DE PREHISTORIA E ARQUEOLOXIA. (B2)
Rúa Dr. Domingo Goás, 2 Vilalba
43° 29' 165"N / 7° 6' 781" W

PABELLÓN MUNICIPAL PEREGRINOS (D4)
Rúa Quart de Poblet, 19 Vilalba. Lugo
43° 29' 2788"N / 7° 6' 84.123 W




50 Campamento Galego de Espeleoloxía

"O teu deporte-ciencia"

- Mesa redonda e coloquio.
- Exposicións fotos e planos.
- Arqueoloxía e Paleontoloxía en cavidades da "Terra Cha".
- Gala homenaxes, agasallos e sorteo material.

Vilalba (Lugo) 21 e 22 de Outubro 2017

Organizan:



Loxística e apoio especial:



Colaboran:



Propósito e Regulamento

50 CAMPAMENTO GALEGO DE ESPELEOLOXÍA

"O GES Ártabros e a Federación Galega de Espeleoloxía (FGE), co apoio do Concello de Vilalba (Lugo) e máis do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía" desa vila, así como das diversas casas comerciais que colaboran nesta xuntanza anual, teñen a ben acoller a todos os participantes nesta actividade espeleolóxica e darlles a benvida.

Días e lugar de celebración: 21 e 22 de outubro de 2017, en Vilalba (Lugo).

Para poder participar como espeleólogo é imprescindible ser maior de 18 anos e ter en posesión a licenza anual do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por esta entidade deportiva. Dadas as características do colectivo ao que vai dirixido o campamento, e o risco asociado ás cavidades, **non son válidas as licencias de 3 ou 30 días**. Os espeleolog@s veteranos, co o desexen -sen estar federados- tamén poden participar como acompañantes, pero NON poderán realizar recoñecementos nas cavidades.

Os deportistas federados que teñan previsto facer espeleoloxía virán equipados co material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical, tanto individual como colectivo. E dependendo do tipo de aloxamento polo que opten, deberán traer tamén o material de acampada necesario para a súa pernocta.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes e só tramitará os permisos dos inscritos federados en prazo -si fixera falta- para poder acceder ás cavidades nas zonas protexidas da Rede Natura. Calquera situación ou dúbida non prevista neste Regulamento será resolta pola organización.

Para inscribirte debes remitirnos un correo no que figuren: nome, apelidos, DNI, tipo de licenza e club ao que pertences, **AXUNTANDO COPIA DO PAGAMENTO BANCARIO DA COTA DE INSCRIPCIÓN**. Data límite 5 de outubro de 2017.

GES ÁRTABROS

C/ Santa Teresa, 14 – Baixo 15002 A CORUÑA

Teléfono: 981 213 115 (entre 20:00 e 22:00 h., de luns a venres).

Correo electrónico: artabros@artabros.org

Páxina Web: www.Artabros.org



Organización

Organiza este campamento o G.E.S. ÁRTABROS en nome da Federación Galega de Espeleoloxía (FGE).

Programa da actividade

Venres:

19:00

- Recepción Oficial de benvida aos participantes por parte das autoridades do Excmo. Concello de Vilalba no Salón de Plenos.

Sábado:

09:00 a 10:00

- Almorzo (a cargo da organización) para os que pernocten o venres

10:00 a 11:45

- Recepción aos participantes no Museo Prehistoria e Arqueoloxía.

12:00

- Inauguración Oficial.

- Mesa redonda "Investigación e conservación do patrimonio subterráneo galego: Arqueoloxía e Paleontoloxía".

14:00 a 16:00

- Comida campera (a cargo da organización).

16:15 a 21:00

- Actividade espeleolóxica nas cavidades da zona (*).

18:00 a 20:00

- Visitas ao Museo e as exposicións fotográficas e topográficas, para os acompañantes.

22:30

- Cea de Homenaxe e confraternidade (cota dos asistentes).

- Sorteo de agasallos das casas comerciais colaboradoras.

Domingo:

08:00 a 09:00

- Almorzo (a cargo da organización).

09:00 a 13:00

- Actividade cultural: Roteiro guiado: "Arqueoloxía Vilalbesa".

13:30 a 14:00

- Sorteo do material espeleolóxico donado pola FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA, só para os federados da FGE que estén presentes na clausura, acto que se celebrará de seguido.

(*). O noso club guiará aos grupos -si así o desexan- para facilitarles o achegamento as cavidades e dará a información sobre as mesmas.

**COTAS INSCRIPCIÓN: PARTICIPANTES FEDERADOS 25 €
ACOMPANANTES NO FEDERADOS 30 €**

Inclúen todos os almorzos e a comida e cea do sábado; deberase ingresar antes da devandita data límite o importe da cota elixida na c/c ABANCA ES25 2080 5565 0030 4000 2362 para a reserva definitiva da praza.

Non esquezas: Traballar en equipo, fundamental na exploración espeleolóxica e axudar a conservar o patrimonio soterrado galego.